

## ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Alberte Pivida, Rodrigo  
Cuevas Alonso, Miguel  
Currás Valle Maria, Consuelo  
Davila Segade, Ruth  
García González, Silvia  
Martínez Martín, María José  
Pereira Lorenzo, Nemesio  
Soto González, María Mercedes  
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes, **17 de xaneiro de 2023**, ás 09:15 h en primeira convocatoria e ás 09:30 en segunda convocatoria

O día **17 de xaneiro de 2023** ás 09:30 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

### **1. Aprobación da acta da sesión constituínte de 17 de xaneiro de 2023.**

Dáse lectura polo secretario xeral a acta da sesión constituínte.

Apróbase por asentimento.

### **2. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PAS aos Consellos de Departamento.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen aclara o procedemento que motivou a convocatoria da presente sesión, para elixir representantes nos departamentos, o que se fai cada dous anos. A proposta de calendario electoral foi achegada coa documentación e o secretario xeral sinala que é moi semellante á de fai dous anos.

Apróbase por asentimento.

### **3. Aprobación, se procede, do cadro co número de representantes de cada sector que corresponden a cada Departamento.**

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen explica que poden preceder certas correccións menores no número de representantes correspondentes ao cadro que foi achegado, en función do que se indique desde os departamentos, polo que solicita que se delegue na Secretaría Xeral a incorporación desas eventuais modificacións, se fosen necesarias, para non ter que xuntar novamente á comisión, que será en todoa caso informada, de ser o caso.

Apróbase por asentimento o cadro e delégase na Secretaría Xeral a incorporación de eventuais cambios.

**4. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral dos modelos de candidatura, da acta de constitución das mesas electorais e das actas de escrutinio.**

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen indica respecto deste punto que se trata dunha delegación habitual neste tipo de procesos e que os modelos serán semellantes aos empregados na convocatoria anterior.

Apróbase por asentimento a delegación na Secretaría Xeral.

**5. Quenda de intervencións.**

O reitor agradece a presenza dos membros da comisión.

O secretario xeral indica que serán necesarias novas xuntanzas ao longo do proceso electoral aprobado, que serán oportunamente convocadas.

Non hai outras intervencións.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 09:45 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral